



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**  
Fax: **981- 51 30 00**  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: **P-1501200-H**

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO**

**LUGAR: Casa do Concello**  
**DATA: 8 de setembro de 2010**  
**HORA DE COMEZO: 20:50 horas**  
**HORA DE REMATE: 23:00 horas**

### **ASISTENTES:**

**D. Adolfo Gacio Vázquez**  
**D<sup>a</sup>. Adela Redondo Rendo**  
**D. Manuel Mouriño Varela**  
**D. Jesús Sanjuás Mera**  
**D. Jesús J. Santasmarinas Devesa**  
**D. José M<sup>a</sup> Fernández Vázquez**  
**D<sup>a</sup>. Dolores García Couto**  
**D. José Viaño Rey**  
**D. Perfecto Barcala Mosquera**  
**D. Juan Neira Moure**

### **AUSENTES:**

**D. José Antonio Becerra Rodríguez**, xustifica a ausencia por ter que ausentarse do término municipal.

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde D. Adolfo Gacio Vázquez, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno que foi convocado cos requisitos legais.

### **ORDE DO DÍA**

- 1. Aprobación da acta anterior.**
- 2. Plan travesías provincias. Aprobación proxecto.**

3. Delegación recadación taxa por utilización vías municipais por empresas de servizos interés xeral.
4. Plan especial de ordenación núcleo rural (aprobación inicial).
5. Modificación plan investimentos do presuposto 2010. Aprobación factura.
6. Festivos locais (ratificación acordo Xunta de Goberno)
7. Solicitud subvención para adaptar PXOM á Lei 8/2010.
8. Mocións PSG (núm. 1951-1952-1953), PP (núm. 2020-2021-2080), 2165.
9. Resolucións alcaldía.
10. Rogos e preguntas.

## **DELIBERACIÓNS**

### **1.Aprobación da acta anterior**

Con votos a favor de todos os concelleiros presentes, apróbase a acta da sesión plenaria celebrada o día 14 de xullo de 2010.

### **2.Plan travesías provincias. Aprobación proxecto**

Con data 20 de xullo de 2010, entrada nº 10/1865 recíbese no concello unha circular da Deputación provincial xunto coas bases do plan de travesías provinciais e o proxecto de " construcción de beirarrúas para a seguridade vial na DP 1201 (pk 2+140 a 2+720 e pk 4+150) Boqueixón”.

Según a base 3.2, o concello no prazo de 40 días naturais contados dende a data de recepción do proxecto remitido pola deputación, deberá remitir certificación de dispoñibilidade de terreos e certificación plenaria de aprobación do proxecto e demais documentación.

Tendo en conta que o prazo finaliza o día 28 de agosto e non se prevía celebrar sesión plenaria ata o día 8 de setembro que corresponde sesión ordinaria, remiteuse un escrito á Deputación solicitando ampliación do prazo para a presentación da documentación.

Telefonicamente, o departamento de contratación da Deputación comunica á secretaria do concello que se autoriza a ampliación do prazo.

Sen máis procédese coa votación e con votos a favor de todos os concelleiros presentes nesta sesión acórdase:

- 1.- Aprobar o proxecto de construción de beirarrúas para a seguridade vial da DP (pk 2+140 a 2+720 e pk 4+480 a 5+150) en Boqueixón e autorizar á Deputación provincial para executar as obras, para o cal o concello conta con todas as autorizacións e permisos necesarios. Presuposto total: 584.977,66 €
- 2.- Aceptar as bases de colaboración entre a Deputación provincial de a Coruña e os concellos para executar os proxectos que se inclúen nas distintas fases do plan de travesías provinciais 2008-2011.
- 3.- Aceptar a entrega das obras unha vez recibidas pola Deputación, polo que o concello asume os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalación das travesías.
- 4.- Dispoñer dos terreos necesarios e poñelos á disposición da Deputación provincial para executar as obras incluídas no referido proxecto.
- 5.- Delegar no alcalde presidente para formalizar o correspondente convenio.

### **3.Delegación recadación taxa por utilización vías municipais por empresas de servizos interés xeral.**

O pleno da corporación en sesión celebrada o 12 de marzo de 2008, acordou prorrogara ata o día 1 de xaneiro de 2022 as delegacións de competencias en materia tributaria. Esta prórroga aplicarase ás delegacións que se acorden desde este día ata o día 31 de decembro de 2011.

O concello en sesión celebrada o 13 de xaneiro de 2010 acordou aprobar a ordenanza fiscal nº 29 reguladora da taxa por aproveitamento especial do dominio público, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministros de interese xeral.

O día 26 de zullo de 20120,n registro nº 10/1906, recábese un escrito da Diputación provincial no cal sánala que se modificaron as bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia, para posibilitar a asunción por parte da Deputación, da xestión, inspección e recadación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministros de interese xeral.

Co obxecto de que o concello sexa beneficiario desta posibilidade, proponse ao pleno a delegación da xestión, inspección e recadación da taxa.

Sen máis, cos votos a favor de todos os concelleiros, acórdase:

1.-Delegar na deputación provincial de a Coruña a xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión que poida ser obxecto de delegación, tanto pode afectar ao suposto xeral do artigo 24 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

2.- Abrir un período de exposición pública de 30 días hábiles desde a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento e presentación de alegacións.

3.- Considerar definitivo este acordo, no caso de non presentarse alegacións, e dar traslado do mesmo á Deputación.

#### **4.Plan especial de ordenación núcleo rural (aprobación inicial).**

Dase conta do plan especial do núcleo rural da Igrexa (Sergude), presentado por Estudio Técnico Gallego, S.A. para a aprobación inicial.

Procédese coa votación para a aprobación inicial e tendo en conta os seguintes:

#### **ANTECEDENTES**

En Boqueixón a normativa urbanística municipal actualmente en vigor son as normas subsidiarias municipais aprobadas en sesión plenaria celebrada o 15 de maio de 1996.

Estas normas prevén para o núcleo rural de a Igrexa 20 vivendas autorizables que a esta data ( xunto coas 40 vivendas existentes en 1996), están agotadas.

Sen embargo o número de solicitudes para edificar segue incrementándose e a complexidade urbanística sobrevida polo número de licenzas que superan o tope previsto nas normas municipais aconsella a redacción dun plan especial para a ordenación do núcleo rural da Igrexa, Sergude, tal como así se prevé nas referidas normas municipais.

O día 3 de setembro de 2010, ten entrada no concello o plan especial de ordenación do núcleo rural de Igrexa, Sergude para a súa aprobación.

#### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

1.-Artigo 26 .5 das normas municipais, establece que nos núcleos rurais, se poderá redactar plans especiais de mellora do medio cando se considere necesario, ou ben, obrigatoriamente cando xa se teñan autorizadas construción novas en número igual ao 50% das preexistentes e se pretenda seguir co desenvolvemento do núcleo.

2.- Artigo 72 da lei 2/2010 do 25 de marzo de modificación da lei do solo 9/2002, regula os plans especiais de ordenación do núcleo rural , o cal no seu apartado 1) establece que estes plans terán por finalidade completar a ordenación detallada dos núcleos rurais así como facer fronte á complexidade urbanística sobrevida neles.

No apartado 2) establece que tamén poderá redactarse un plan especial de mellora do núcleo rural coa exclusiva finalidade de completar o trazado da súa rede viaria e a sinalización de aliñacións e rasantes ou para asegurar a existencia de redes de dotación de servizos suficientes.

No apartado 3) sinala que o ámbito de cada plan especial abarcará a totalidade ou parte dos terreos comprendido na delimitación do núcleo rural respectivo.

3.- Artigo 62 apartado 1.c) da mesma lei 2/2010, que sinala “ os plans especiais poderán modificar a ordenación detallada establecida polo **plan xeral**, sempre que non impliquen un incremento da superficie edificable total nin un incremento da altura ou dos usos globais que se establezan no plan xeral.

4.- Artigo 68.2 da lei 9/2002, de 30 de decembro ( non modificado pola lei 2/2010) establece que en ausencia de **planeamento xeral municipal** ou cando este non contivese as previsións detalladas oportunas, poderán aprobarse plan especiais.

O artigo 45 da lei 9/2009 indica que os instrumentos de planeamento urbanístico son as normas subsidiarias de planeamento e os plans xerais, co cal, aínda que en Boqueixón non exista plan xeral senón normas subsidiarias, si se pode redactar un plan especial de ordenación do núcleo rural para modificar a ordenación establecida nas nomas sempre baixo cumprimento das condicións establecidas na lei.

O pleno da corporación cos votos a favor dos representantes do Partido Popular e coa abstención dos do Partido Socialista, acorda:

- Aprobar inicialmente o plan especial de ordenación do núcleo rural da Igrexa-Sergude ( Boqueixón )
- Someter o expediente a exposición pública mediante publicación durante 1 mes, no diario oficial de Galicia e en 2 xornais de máis difusión na provincia.
- Notificar individualmente a todas as persoas propietarias dos terreos afectados que figuren como titulares no catastro.
- Solicitar Informes sectoriais preceptivos que deberán ser emitidos no prazo máximo de 1 mes a:

Patrimonio

## **5.Modificación plan investimentos do presuposto 2010.- Aprobación factura.**

No presuposto xeral 2010 consignouse con fondos municipais no capítulo 6, partida 341.600.00, o importe de 6.000 € para expropiación que a esta data non se prevé a súa execución, polo cal este remanente de crédito pode ser utilizado para financiar outra partida.

Con data de 1 de xullo de 2010, número de rexistro 10/1672 recíbese no concello a factura número 25/10 de data 10 de maio de 2010, de DESEÑO GALICIA S.L. por importe de 5.195,64 € por instalación dun conxunto multixogo no parque de Lamas, parque en campo da festa.

Esta mesma empresa foi adxudicataria ( en xunta de goberno do día 16/09/2009 ) do contrato de “ Reforma de zonas infantís en Camporrapado, Lamas e Forte “ no prezo de 51.626,33 € máis IVE, por importe de 8.260,21 € ( total 59.886,54 € )

Na xunta de goberno do 29 de marzo de 2010 aprobouse a certificación número 1 e final por importe de 59.886,54 € da referida obra, expedida pola técnica directora , dona Olivia Souto Freiría, así como o seu pagamento ao adxudicatario.

Posteriormente detéctase a necesidade de incrementar as unidades de obra no parque de Lamas polo cal se solicita un presuposto á mesma empresa adxudicataria, para a reparación e a instalación dun multixogo no campo da festa de Lamas.

Con data do 28 de abril de 2010, recíbese o presuposto que ascende a 5.195,64 € IVE engadido, polo que se decide modificar o contrato e comunicar á empresa que proceda coa instalación e reparación do conxunto multixogo formado por torre con rampla de acceso, lateral rocódromo, tobogán e rede de trepar, fabricado en madeira de pino escandinavo, tratado en autoclave. Todo o cal, non se prevía no proxecto orixinario, xa executado , tal como así se reflicte no informe da técnica directora que a continuación se transcribe :

*“ Olivia Souto Freiría, aparelladora redactora do “PROXECTO DE REFORMA DE ZONAS INFANTÍS EN CAMPORRAPADO, FORTE E LAMAS” informa que no proxecto de “Reforma de zonas infantís en Camporrapado, Forte e Lamas”, o xogo modelo TIEBAS non estaba contemplado no proxecto, tal que como se pode observar no presuposto adxunto sacado do proxecto orixinal. ”*

O artigo 217 do Lei de contratos do sector público establece no apartado 1) que as modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista que , sendo conformes co artigo 202 ( por razóns de interese público e para atender causas imprevistas ) produzan aumento, redución ou supresión das unidades de obra que non excedan do 20% do prezo primitivo. Nos casos de supresión ou redución o contratista non terá dereito a reclamar indemnización.

No último parágrafo do apartado 3) deste mesmo artigo , establécese que poderán introducirse variacións de unidades de obra sen necesidade de previa aprobación do expediente cando estes consistan na alteración no número de unidades realmente executadas sobre os previstos nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ao 10 % do prezo primitivo do contrato.

No presuposto xeral 2010 non existe consignación no plan de investimentos para esta inversión. Sen embargo, como máis enriba se indica, sí existe a partida 341.600 con 6.000 €.

Tendo en conta que a esta data, non se prevé o aboamento de ningún tipo de indemnización por expropiacións, pódese utilizar esta consignación presupostaria para financiar o citado subministro.

Procédese coa votación e cos votos a favor do PP e en contra do PSOE, acórdase:

1) Modificar o Plan de Investimentos anexo ao presuposto 2010, no apartado referido á partida presupostaria 341.600, quedando tal como se detalla:

Partida	Denominación	Importe Total	Fondos concello
341.600,00 €	Parque Lamas, parque en campo da festa	5.195,64 €	5.195,64 €
341.600,01	Expropiación	804,30 €	804,30

2) Aprobar a factura número 025/10 de data 10/05/2010 de DESEÑO GALICIA, S.L. por importe de 5.195,64 € polo parque de Lamas e parque en campo da festa.

3) Aboar á citada empresa a referida factura con cargo a esta nova partida presupostaria.

#### **6. Festivos locais (ratificación acordo Xunta de Goberno).**

Cos votos a favor de todos os concelleiros presentes, acórdase ratificar o seguinte acordo da xunta de goberno do día 18 de agosto de 2010:

Comunicar á Consellería de Traballo e Benestar os seguintes días de festa local en Boqueixón:

Martes de entroido.

Xoves de Ascensión.

#### **7. Solicitud de subvención para adaptar PXOM á lei 2/2010.**

O pleno da corporación celebrado o di 9 de maio de 2007 acordou solicitar unha subvención de 115.872 € para a redacción do plan xeral de ordenación municipal.

Por resolución do director xeral de urbanismo de data 30 de outubro de 2007, concédese ao concello de Boqueixón unha subvención de 110.078,40 €, distribuídos nas anualidades 2007-2010.

O pleno do día 9 de enero de 2008 adxudicou o contrato de redacción do plan xeral á Estudio Técnico Gallego S.L, no prezo de 108.000€, o cal supuxo unha baixa de 2.078,40 €.

Por resolución da dirección xeral de urbanismo de 22 de febreiro de 2008, procédese ao reaxuste da anualidade 2007 imputando o importe de 22.015,68 € ( que correspondía á anualidade 2007) á anualidade 2008.

Á esta data abonaronse a estudio técnico gallego tres anualidades por importe de 21.600 cada unha, e da xunta de Galicia tense recibido o importe equivalente a dúas anualidades por importe de 21.600 € cada unha.

No diario oficial de Galicia nº 151 do 9 de agosto de 2010, saíu publicada a orde do 29 de xullo de 2010 pola que se regula a concesión de subvención complementarias ás xa concedidas aos concellos para a adaptación do plan xeral á lei 2/2010 de 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural.

O prazo de presentación da solicitude finaliza o día 9 de setembro e prazo para ditar e notificar a Xunta a resolución que proceda será de dous meses a computar desde o día seguinte ao da entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para resolver. Se neste prazo non se recibe resolución expresa , poderá entenderse desestimada a solicitude.

Tendo en conta que o concello de Boqueixón está procedendo coa adaptación do plan xeral á normativa vixente, propónse solicitar esta subvención.

Procédese coa votación e cos votos a favor de todos os concelleiros presente acórdase:

1.-Solicitar á consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas unha subvención de 8.640 €, para a adaptación do plan xeral de ordenación municipal á lei 2/2010 de medidas urxentes de modificación da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural.

2.- Comunicar á consellería que o concello en sesión plenaria do día 19 de abril de 2010, aprobou inicialmente o plan xeral de ordenación municipal.

3.- Comunicar, así mesmo, á consellería que o 14 de xullo de 2010 o pleno da corporación acordou:

\* adaptar o plan xeral inicialmente aprobado, á lei 2/2010 de 25 de marzo.



\* non sometelo ao trámite de exposición pública ata completar a adaptación á lei 2/2010.

\* non solicitar os informes sectorias ata completar a adaptación.

\* manter a suspensión de licenzas nas áreas obxecto do planeamento, cuxas novas determinacións supoñan modificación do réxime urbanístico vixente.

## **8. Mocións PSG (núm. 1951-1952-1953), PP (núm. 2020-2021-2080), 2165.**

A) Mocións do PSG:

Nº 1951

O Grupo Municipal Socialista de Boqueixón, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do **Pleno da Corporación** esta **MOCIÓN**, en base a seguinte:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Este Proxecto de lei que nos presenta o Goberno de Galicia non se compadece co seu título porque para ser unha auténtica Lei de Augas de Galicia debería ordenar todos os usos da auga, cuestión que en absoluto se cumpre.

Este Proxecto esquece as especificidades de Galicia, a nosa relación cultural coa auga e os usos da mesma e a xestión que durante décadas se ven facendo da auga por parte de milleiros de cidadáns que viven no rural de Galicia, as traídas veciñais que co seu esforzo manteñen unha rede de abastecemento nas aldeas do rural en substitución dunha administración que non se ocupou nin preocupou por garantir o acceso á auga de calidade do conxunto da cidadanía de Galicia.

A oportunidade de elaborar un Proxecto de lei sobre a auga é desaproveitada polo actual goberno de Galicia para regular e ordenar a confusa e diversa fiscalidade sobre este recurso natural. Non houbo nin hai vontade política por parte do goberno de Galicia para establecer un diálogo con outras administracións tanto a local como a estatal para establecer unha fiscalidade progresiva e equitativa, onde toda a cidadanía que teña acceso á auga pague o mesmo en todos os territorios, independentemente de si a conca que os regula pertence á Comunidade Autónoma de Galicia ou ao Goberno de España.

O proxecto obvia moitos dos aspectos da lexislación existente que ten a obriga de incorporar como a Directiva Marco da Auga e a lexislación estatal, entre outros non contempla:

- A utilización sostible dos recursos hídricos.

A necesidade de protección e mellora dos sistemas acuáticos.

- A protección do recurso auga.
- A prevención e redución da contaminación e en xeral a protección do medio ambiente.

- Tampouco se regulan só se fan leves referencias as situacións de enchentas ou secas nin a necesidade de levar a cabo tarefas preventivas nestes campos, sobor de todo tendo en conta as graves inundacións que partes do territorio galego teñen sufrido nos últimos anos así como a aparición de casos puntuais de seca que se teñen dado e eran impensables anos atrás en Galicia.
- Non se fai referencia ás zonas inundables nin as zonas protexidas
- Falta unha regulación relativa ó rego, onde se garanta unha xestión eficiente e sostible do mesmo.
- Tampouco están contempladas previsións en materia de augas subterráneas nin a reutilización do recurso.

A auga é un recurso natural imprescindible para a vida, o desenvolvemento humano e para o mantemento dos ecosistemas. Un recurso con valor económico, social e ambiental. Económico como recurso “escaso” que pode servir para xerar riqueza a través dos seus diferentes usos e aplicacións. Social, como recurso imprescindible para a vida humana e o desenvolvemento das poboacións e Ambiental como recurso natural, xa que a calidade da auga inflúe directamente na situación, evolución e conservación dos ecosistemas naturais.

Garantir o cumprimento da Directiva Marco da Auga implica asumir esta concepción do recurso e, en particular, garantir a sostibilidade ambiental, a eficiencia de todos os usos da auga, a racionalidade económica e a participación pública (nos termos establecidos na DMA e na demais lexislación vixente).

Pola contra este proxecto de lei non asume o novo modelo de xestión da DMA, que implica o recoñecemento dun recurso “limitado”, cuxa xestión se basea na demanda, mellorando a eficiencia do uso dos recursos hídricos, reducindo o consumo e incentivando o aforro da auga.

Este proxecto atende a fórmulas e criterios da xestión da oferta e basease nunha política de infraestruturas e recaudatoria para sufragar esas infraestruturas. Só se preocupa de maneira destacada da creación do ente Augas de Galicia e dos aspectos recadatorios.

O CES no apartado da creación deste novo ente considera que non se xustifica a oportunidade de creación, das razóns da elección da forma xurídica, das vantaxes que poida supoñer e cree que o texto debería garantir a prevalencia do dereito público, incluída a súa aplicación á regulación do persoal.

Esta lei en definitiva, só ten un obxectivo contrastado: recadar máis, subir o prezo da auga para o conxunto da cidadanía.

A aparición deste novo canon da auga suporá nalgún dos tramos incrementos do 140% respecto do prezo actual. Noutros o prezo da auga en Galicia se equipara ao prezo de auga de desaladora no Levante de España.

Este canon se establece ademais sen contar cos gobernos locais, co total desacordo dos concellos que terán que aplicar despois este canón ao conxunto da cidadanía. Pretende cercenar a autonomía local e as competencias que teñen asumidas os concellos.

O CES di no ditame que fai sobre esta lei respecto do novo “canon da auga” en termos literais: “...Compre unha reflexión sobre a oportunidade de incrementar a presión impositiva sobre a cidadanía, familias e empresas, na conxuntura actual de crise económica...”

Os concellos a través da Fegamp chegan incluso a nomear a esta lei, nalgũa da reflexións conxuntas feitas como a “Lei de ordenación tributaria e administrativa dos servizos de saneamento e abastecemento”

A pesares desta reflexión e do desacordo dos concellos o Goberno empeñase en traer ao Parlamento un proxecto de Lei rexeitado e co que se pretenden establecer vellas receitas como novas.

O Goberno pretende facer crer ao conxunto da opinión pública que neste canón se paga por vez primeira en función da auga consumida, pero esta afirmación é falsa posto que no canon de saneamento existente xa se paga en función do m<sup>3</sup> consumido e se fixa o prezo cada ano nos orzamentos da Xunta. **Na actualidade pagamos para usos domésticos 0,209 euros/m<sup>3</sup>, pola auga en Galicia.**

Tamén é falsa a afirmación de que haxa por vez primeira tarifas reducidas para as familias numerosas, porque na actualidade xa as familias numerosas teñen unha bonificación do 50%.

E por último, respecto da fiscalidade asoma de novo a vella receita semellando ser nova. Xa nas vixentes leis dos anos 93 e 2001 se vinculaba o canón ós investimentos en obras hidráulicas e o resultado está á vista. Galicia incumpriu sistematicamente as directivas comunitarias de calidade de augas residuais e de calidade de augas para a cría de moluscos con sancións dos tribunais comunitarios.

Por todo o anteriormente exposto o Grupo Municipal Socialista de BOQUEIXÓN

## **SOLICITA**

**- A devolución ou retirada deste proxecto de lei e a elaboración dun novo que cumpra co establecido na Directiva Marco da Auga.**

Votan a favor os representantes do PSde G.

Votan en contra os representantes do PP.

Polo tanto queda rexeitada.

Nº 1952

O Grupo Municipal Socialista, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do **Pleno da Corporación** esta **MOCIÓN**, en base a seguinte

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O Consello da Xunta aprobou na sesión celebrada o pasado 15 de xullo unha resolución do Servizo Galego de Igualdade que establece as bases reguladoras das achegas económicas que este ano recibirán os 77 concellos galegos que son titulares dos Centros de Información á Muller. Nesta resolución, a Xunta introduciu importantes modificacións no sistema de subvencións para estes servizos, poñendo en grave risco a supervivencia de moitos destes.

Os Centros de Información á Muller son departamentos que proporcionan todo tipo de asesoramento ás mulleres e que poñen o seu empeño en acadar a igualdade de xénero. Os equipos que os forman (psicólogas, avogadas, técnicas e demais), xogan un papel fundamental na loita contra a violencia machista, partindo dunha análise pormenorizada de cada realidade e ofrecendo todas tipo de solucións as vítimas para que poidan empezar unha nova vida tras unha situación de maltrato físico ou psicolóxico. Boa parte deste traballo grupal céntrase, por tanto, en facer fronte ós casos máis graves e perigosos de desigualdade entre mulleres e homes, que son os que teñen lugar cando aparecen conductas que atentan contra a dignidade da muller.

A axuda que os CIMs prestan á sociedade –ademais de loitar contra a violencia machista asesoran á muller noutros ámbitos e promoven campañas para acadar a igualdade de xénero– non só é recoñecida polas usuarias, moitas das cales non se atreverían a interpoñer denuncias contra os seus agresores de non contar co respaldo destes centros. A maioría dos concellos galegos precisa deles para atender ás necesidades da súa veciñanza, e así o teñen manifestado numerosas responsables municipais, sobre todo en datas recentes e alertadas polas decisións da Xunta nesta materia.

Os CIMs non deixaron de incrementar a súa actividade dende que foron creados, un feito que amosa a importancia destes servizos. Os concellos realizan cada ano un importante esforzo económico para poder mantelos, un esforzo que debe ser correspondido e tido en conta pola Xunta de Galicia.

A resolución aprobada o 15 de xullo conleva unha merma importante de recursos económicos, unha diminución que nalgúns casos fará imposible que as entidades locais manteñan un servizo polo que debe velar a propia Administración autonómica, que de xeito unilateral decidiu rebaixar as achegas a aqueles centros que non contan cun equipo fixo. Polo de agora, a gran maioría dos concellos conta con persoal laboral eventual para cubrir estas tarefas. Polo tanto, a Xunta de Galicia con esta resolución está a poñer unha soga ó pescozo a case a totalidade dos CIMs de Galicia.

A esta modificación nas subvencións hai que engadir que o Servizo Galego de Igualdade pretendeu limitar a un máximo de 4.000 euros as achegas para as distintas especialistas que traballan nos Centros de Información á Muller, unha redución moi significativa con respecto a exercicios económicos anteriores. Ante o malestar amosado por numerosos representantes municipais, o organismo autónomo corraxiu sobre a marcha a cantidade para establecer un máximo de 14.000; con todo, esta cifra aínda é menor que a que os concellos viñan percibindo.

Esta resolución da Xunta de Galicia, que en ningún momento foi pactada nin falada cos representantes dos concellos (os alcaldes foron informados un día despois de que o Consello da Xunta tomara o acordo), súmase á lista de continuos ataques ás estruturas coas que conta (ou contaba) a Administración autonómica para loitar pola igualdade entre mulleres e homes. O caso que nos ocupa é moi grave, posto que as afectadas son as mulleres máis vulnerables, que buscan asesoramento nos CIMs para saír dunha situación de violencia que pode, incluso, acabar coas súas vidas.

**Por todo o anteriormente exposto SOLICITAMOS a adopción do seguinte acordo:**

**Instamos á Xunta de Galicia a rectificar a Resolución de 22 de xullo de 2010** pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades locais para o apoio ós Centros de Información ás Mulleres, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010; **e a concertar en colaboración cos concellos unha rede que garanta o servizo dos CIMs e que consolide o seu funcionamento cara o futuro.**

Apóbase por unanimidade dos presentes.

Nº 1953

O Grupo Municipal Socialista, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación de BOQUEIXÓN esta MOCIÓN, en base a seguinte

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As políticas sociais constitúen ,ou deben constituír ,unha prioridade para as administracións públicas a fin de garantir a efectiva igualdade de oportunidades entre todas as persoas.

O partido socialista ten liderado o avance transformados nas políticas sociais en España nos gobernos de Felipe González ca universalización de dereitos fundamentais ,consolidados co goberno de José Luis Rodríguez Zapatero onde se experimentou un incremento do 60% de inversión social fronte a Dereita reaccionaria de Aznar .No goberno da Xunta de Galicia presidida por Emilio Pérez Touriño as políticas sociais ,no seu senso máis amplo ,educación ,sanidade,benestar ,cohesión social ,experimentaron un profundo cambio respecto ao pasado de Fraga Iribarne . A chegada ao goberno de Núñez Feijoo está a supor un deterioro paulatino e irreversible das políticas sociais ,procedendo à privatización dos servizos públicos,a recortes sen precedentes de gasto social ,à despreocupación polas políticas públicas de igualdade e a un afán de esquecer as políticas que colocan as persoas en primeira liña de actuación mentres potencian o negocio privado clientelar impropio dun sistema democrático e transparente .Asemade a absoluta falla de respecto institucional cos concellos levaron à Xunta a boicotear as políticas sociais municipais,asfixiando a súa financiación e un senfin de programas.

Pola súa banda os concellos constitúen unha peza fundamental no desenvolvemento das políticas sociocomunitarias ,na atención inmediata das persoas e na garantía do exercicio dos dereitos sociais das persoas.

En base ao anteriormente disposto, o Grupo Municipal Socialista solicita do pleno do Concello de Boqueixón a que inste a Xunta de Galicia a

1. Primar a inversión social a lo menos nos mesmos termos do goberno bipartito .
2. Activar as políticas públicas sociais no seu senso máis amplo, evitando a privatización dos servizos públicos.
3. Desenvolver, unha política de colaboración institucional cos concellos que garantan o efectivo desenvolvemento das políticas sociais municipais, a través da axeitada financiación de medios persoais e materiais.
4. Reconducir a nefasta xestión da Xunta de Galicia en políticas sociais, reactivando o Plan Concertado,as Políticas de Dependencia e os programas de colaboración cos municipios.
5. Cumprir nos seus termos a normativa vixente en políticas sociais.

Votan a favor os representantes do PSG.

Votan en contra os representantes do PP.

Queda pois, rexeitada.

B) Mocións do PP:

Nº 2020

El Grupo Municipal Popular, al amparo de lo dispuesto en los artículos 91.4 e 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento e Régimen Jurídico de las Entidades Locales presenta ante el Pleno de la Corporación Municipal esta **MOCIÓN**, con base en los motivos y consideraciones desarrolladas en la siguiente:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

En el marco de los compromisos asumidos por nuestro país frente a la Unión Europea, el pasado 20 de mayo, se aprobó el Real Decreto-ley 8/2010, por el que se adoptan medidas extraordinarias para reducir el déficit público, con la finalidad de acelerar tanto en 2010 como en 2011 la reducción inicialmente prevista en la actualización del Plan de Estabilidad y Crecimiento 2010-2013, aprobado por el Consejo de Ministros de 29 de enero de 2010.

Más allá de las medidas concretas recogidas en el citado Real Decreto-Ley, éste supone una llamada al compromiso de los diferentes niveles territoriales de la administración a la consecución de un objetivo que debe ser compartido por todas ellas.

